



Nadal 2025

Do 6 de decembro
de 2025
ao 6 de xaneiro
de 2026



CONTINUA
MORAÑA





Programa de Nadal



Inauguración alumeado de Nadal

O **sábado 6** ás **19:00 h.** terá lugar o acendido da iluminación navideña na Aldea de Nadal, situada na Carballeira de Santa Lucía.

Acompañaranos a Banda de Música Nova Lira de Moraña todos os asistentes poderán degustar unha chocolatada.



Inauguración Belén artesanal

Tras o acendido do alumeado de Nadal, no Multiusos teremos a inauguración da VII edición do **Belén artesanal**, este ano titulado “**Imperium do Nadal**”, donde estarán representadas Xudea e Galicia. Realizado pola Asociación de Mulleres Rurais de Moraña.



Programa de Nadal



III Feira de Nadal de Moraña

Un ano máis, os comerciantes, artesáns e artistas locais de Moraña organizarán a Feira de Nadal.

Será o **domingo 14** de decembro, a partir das **16:00 h.** na carpa situada a carón do Multiusos.



Exposición de pintura

O **venres 19** de decembro ás **20:00 h.**, no Edificio do Multiusos, inauguraremos a exposición da pintora moraíesa **MARISA REDONDO**, “O mar que me habita”.

Esperamos que todos e todas gocedes coa obra pictórica da nosa veciña.



Programa de Nadal



Festival da ESMU

O venres 19 de decembro ás 21:00 h., no Multiusos, o alumnado da Escola Municipal de Música deleitarannos cun fermoso concerto no que predominará a música tradicional destas datas.

Visita de Papá Noel

O sábado 20 de decembro Papá Noel viaxará dende Laponia ata Moraña.

Todos os nenos e nenas poderedes coñecer tamén aos máxicos amiguíños que o acompañarán.

Estarán agardando as vosas cartas e encantados de compartir con vós toda a ilusión e alegría destas festas. De 17:00 a 18:30 h. na Aldea de Nadal.



Despois percorrerá os comercios e negocios de Santa Lucía.

Actividade subvencionada pola Deputación de Pontevedra , con cargo ao programa + Provincia 2025.



Deputación
Pontevedra



Programa de Nadal



Teatro

O grupo de teatro **Amileños** presenta a obra de Charo Valcárcel “Prescripción facultativa”, comedia dirixida por Manuel Solla.

Será o **domingo 21** de decembro, ás **20:00 h.** no Multiusos.

Obradoiro Infantil



Na Casa de de Cultura teremos un obradoiro de xoguetes realizados con material de refugallo para nenos e nenas.

O **luns 22** ás **17:00 h.** nenos e nenas de 2 a 5 anos.

O **martes 23** ás **17:00 h.** nenos e nenas de 6 a 10 anos.

As prazas son limitadas, polo que teredes que inscribiros con anterioridade na Biblioteca.





Programa de Nadal

Maxia

No Multiusos, o **venres 26** de decembro
ás **20:00 h.**, chegada dun lugar lonxano,
o mago Dani García presentará TIN.
Espectáculo de maxia inventiva e clown
no que os aplausos e risas están asegurados.



Certame de Fin de Ano

No patio da Casa de Cultura o **domingo 28** de decembro,
ás **19:00 h.**, para despedir o ano como se merece,
contaremos coa actuación musical das agrupacións
morañesas Airiños da Amil, Banda de Música Nova Lira de
Moraña, Coral Voces Amigas, Chinguilipé, Coral Cánticos de
Amil, Ecos da Terra e Bétula Péndula.
Unha tarde chea de música e bo facer.



Programa de Nadal



Teatro musical infantil

Fran Rei e Félix Rodríguez chegan o **luns 29** de decembro ás **20:00 h.** ao Multiusos con **Sabor a Nadal**, un espectáculo cómico que mestura música, maxia, humor, ritmo e participación do público

Festa de Fin de Ano



O **martes 30** de decembro na Casa de Cultura a rapazada de 11 a 17 anos poderá celebrar a súa festa de Fin de Ano coa actuación do DJ Paco Vulcano a partir das **21:00 h.**
Tendes que inscribivros con anterioridade na Biblioteca.

Baile de Aninovo

Tras as campanadas de Fin de Ano, **a partir das 01:00 h.** recibiremos ao novo ano 2026 cun baile amenizado pola Disco Móvil do DJ Josinho.

Esperámosvos nunha carpa situada no patio traseiro da Casa de Cultura.



Cabalgata de Reis

Luns 5 de xaneiro de 2026



Un ano máis, chega a data máis especial para os cativos e cativas da casa.

Os Reis Magos farán un percorrido por todas as parroquias do concello co seguinte horario aproximado:

Ás 15:40 h. comezamos no Campo de Lebón, O Covelo (15:45), Campo da Festa de Alberguería (15:55), Igrexa de Saiáns (16:10), Igrexa de Rebón (16:35), Soar (17:00), Cosoirado-cemiterio (17:15), Capela dos Milagres de Amil (17:50), Casa Gíao (18:10), Marquesina de Paraños (18:20), Molina-Alende (18:35), Parque da Bouza (18:50), Carballeira de Santa Xusta (19:10), Trambosríos (19:25), Querguizo (19:35), Marquesina de Penagrande (19:40), Pumariño (19:45), Carballeira do Souto (20:00)

A partir das 20:20 h. a Cabalgata fará o seu percorrido polas rúas de Santa Lucía acompañada pola Banda de Música Nova Lira de Moraña.

Ao rematar, os nenos e nenas poderán entregarlles as súas cartas aos Reis na Aldea de Nadal.

O concello convidará a chocolate con rosca a todas as persoas asistentes.



Vive Moraña no Nadal!

